



# A VILA DO MAÑÁ, FERROL

Sandra González Álvarez

A VILA DO MAÑÁ, FERROL

Sandra González Álvarez







A VILA DO MAÑÁ,  
FERROL  
Sandra González Álvarez

**Autor:** GONZÁLEZ ÁLVAREZ, Sandra.  
**Presentación:** SUÁREZ FERNÁNDEZ, Jorge.  
**Prólogo:** AGRASAR QUIROGA, Fernando.

**Equipo de traballo:** PØST arquitectos.  
A Coruña, 2018.

A VILA DO MAÑÁ, FERROL  
ISSN: 2530-9226

Nº de páxinas: 106  
21x21cm  
Índice: pp. 6-7

ISBN (PØST arquitectos): 978-84-697-6400-8  
ISBN (COAG): 978-84-96712-66-9  
Depósito Legal: C 1651-2018  
IBIC: AMVD-YQA-YQNP

**Edición:** colección editada conxuntamente por PØST arquitectos e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

**Deseño:** Sandra González Álvarez (PØST arquitectos).

**Maquetación:** Irene Díaz Calvo, Alejandro Lastra Salazar (PØST arquitectos).

**Deseño de cuberta:** Daniel Carvajal Alonso e Sandra González Álvarez.

**Fotografías:** Sandra González Álvarez, Alejandro Iglesias Rey e Iván Díaz García.

**Ilustracións:** Álvaro Marcos Rodríguez.

**Debuxos de cuberta:** Álvaro Marcos Rodríguez.

**Distribución:**


CONCELLO DE FERROL, Praza de Armas, s/n.15401 Ferrol (A Coruña). COAG, Praza da Quintana 1. 1º, 15704 Santiago de Compostela (A Coruña). PØST arquitectos, Federico Tapia 49, L9, 15005 A Coruña (A Coruña)

© PØST arquitectos, 2018  
Federico Tapia 49, L9  
15005 A Coruña  
© Sandra González Álvarez

**A EDICIÓN DESTA PUBLICACIÓN FOI PATROCINADA POLO CONCELLO DE FERROL**

*Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación sen o permiso previo e por escrito das persoas titulares do Copyright.*







## ÍNDICE

FERROL, UNHA CIDADE QUE CAMIÑA AO MAÑÁ. Jorge Suárez Fernández	7
A VILA DO MAÑÁ, PRESENTACIÓN. Fernando Agrasar Quiroga	9
1  DESCUBRINDO “A VILA DO MAÑÁ”	13
2  COÑECENDO FERROL	17
3  OBXECTIVOS DE “A VILA DO MAÑÁ”	47
4  A VILA DO MAÑÁ, FERROL	55
5  A RÚA É TÚA	101



## FERROL, UNHA CIDADE QUE CAMIÑA AO MAÑÁ.

Facer cidade tamén é construír para o futuro. Pensar e repensar a cidade desde a perspectiva dos meniños, dos cidadáns do futuro, ven a probar que todas as perspectivas contan e suman. Queremos ollar a nosa cidade por un caleidoscopio cheo de ambicións, que mira ao horizonte da cidade que seremos pola que estamos a traballar arreo no grande dende o pequeno, unha cidade aberta, amable, viva, verde, accesible por e para todos en todas as alturas.

Hai un Ferrol por agromar, como as sementes de cores plantadas nos muros de cemento do Mercado municipal da Magdalena, froito do traballo minucioso de preto dun cento de nenas e nenos da nosa cidade que veñen de participar nun proxecto ben fermoso do que non podemos mais que estar ben fachendosos porque nos aprendeu a mirarnos con outros ollos. Aprezar os nosos espazos, volver a desfrutar nos lugares vividos, promover a nosa identidade de cidade dende o encontro e transmitila.

‘A Vila do Mañá’ comparte a nosa filosofía para facer de e para Ferrol, unha cidade educadora, con mais pés e menos fumes. En suma, unha cidade que camiña con pequenos e decididos pasos cara o futuro.

Este obradoiro didáctico, co epicentro no urbanismo e na paisaxe, e ideado e proxectado por PØST arquitectos para repensar A Magdalena como un gran taboleiro de xogos, desenvolveuse na nosa cidade no outono do 2018, con base nun espazo tan emblemático como o Centro Cultural Torrente Ballester, e formou parte dun amplo e ambicioso programa deseñado desde a Concellería de Urbanismo para repensar



a cidade, implicar a todas as veciñanzas, dende as idades mais temperás coa vontade de espertar neles unha nova mirada sobre os lugares nos que desenvolven a súa vida e implicalos na toma de conciencia e na sensibilización co patrimonio arquitectónico e no orgullo de cidade.

Queremos afondar na concepción do centro da cidade, o barrio de A Magdalena, como un espazo peonil, recuperando as rúas para a vida e para as persoas, reconquistando cos pés espazos recuperados dos que desterramos o tráfico rodado para o desfrute colectivo, facendo das rúas do noso centro unha gran cuadrícula de xogos.

Aprendemos, tamén, a construír con caixas de cartón, as nosas cabanas creando espazos divertidos en lugares senlleiros nos que todos nos recoñecemos como o Cantón de Molíns, a praza de Amboaxe como pista de xogos e deixamos a nosa pegada mollada no muro do Arsenal, esa barreira física que parte a cidade en dúas metades, afastándonos do mar que nos rodea e que hai que traspasar.

Trátase en suma, tal e como nos demostraron neste obradoiro as pequenas e os pequenos, de ir repensando activamente as nosas opcións de desprazamento cotiá ao traballo e a escola, e cambiando antigos hábitos que abusan do coche e dos fumes, por modelos de transporte sostible, apostando polo público, o colectivo e o compartido, combinando o camiñar con outras fórmulas de deslizamento e pedaladas.

Así é como unha cidade camiña cara o futuro, así é como reconquistamos a cidade e gañamos espazos para o colectivo, e para a vida. Así é a cidade que queremos. Así ten que ser o Ferrol do futuro, a nosa Vila do Mañá.

Jorge Suárez Fernández  
Alcalde de Ferrol

## A VILA DO MAÑA

Aprendemos dos erros cando os correximos, non cando os cometemos.

Despóis de que a arquitectura moderna asumise o seu destino como transformadora do mundo, é tomase conciencia da súa propia importancia, algunhas voces propuxeron corrixir o curso para dirixir a mirada cara ao pequeno, ao cotiá, ao imperfecto, e a todo aquilo que non era considerado propio da alta misión da arquitectura.

No tempo dos “deuses brancos”, como lles chamou Tom Wolfe, ser arquitecto implicaba entender a obra como obxecto referencial e perfecto, e ter a obriga de organizar o mundo, para liberalo de todo o que non concordase cos seus edificios, abstractos, relucentes e fermosísimos. Unha terceira xeneración de arquitectos modernos tiveron a insolencia de corrixir a aqueles mestres, aos que tanto admiraban: Alison e Peter Smithson, con seus colegas do *Independent Group*, reivindicaron o valor do ordinario e tamén da arquitectura entendida como proceso; Aldo Van Eyck conectou a nova arquitectura co senso de habitar primitivo; Bernard Rudofsky levou á primeira liña da cultura arquitectónica as autoconstrucións, de humanos ou de animais; Lina Bo Bardi reivindicou o popular e a reutilización como camiños para facer arquitectura; e, dende o último dos grupos de vangarda, Constant Nieuwenhuis deseñou unha cidade para que habitase o *homo ludens* teorizado por Johan Huizinga, cunha liberdade radical.

Todos os camiños abertos entre finais dos anos cincuenta e primeiros sesenta do pasado século, situados fora da ortodoxia moderna, caeron no descrédito e no esquecemento. Con Reagan e Thatcher a ambos os


dous lados do océano, todas aquelas aportacións que querían baixar a arquitectura do seu pedestal, para que se ensucie de terra e de humanidade, quedaron relegadas ao esquecemento. Aqueles anos que enterraron o estalido de liberdade do Maio do 68, sinalaron a utopía, a bondade, a xusticia social e o valor do colectivo como síntomas ridículos dun tempo caducado. E cometeuse o grande erro de que o creímos.

Nesta segunda década do novo milenio, e despóis dunha severa crise económica, a práctica da arquitectura baixou a súa velocidade de cruceiro, o que lle permitiu pensar. Son moitos os síntomas de que queremos corrixir erros, mirar cara atrás e tentar de facelo mellor. A proposta expositiva do pavillón de España na Bienal de Arquitectura de Venecia de 2016 é un exemplo desto. O proxecto “A Vila do Mañá” é outro. A arquitecta Sandra González Álvarez e equipo de PØST arquitectos puxeron en pé esta iniciativa, da que temos esta nova entrega. Rianxo, Milladoiro, Bertamiráns, Verín, Mondoñedo, A Pobra do Caramiñal, Riveira, Carballo, Bueu, Vilagarcía de Arousa, Cambados, Arteixo e agora Ferrol son os campos de probas donde “A Vila do Mañá” leva ás nenas e nenos a experimentar, a través do xogo, a realidade construída na que habitan. Uns poucos deles decidirán estudar arquitectura, pero todos van ser cidadáns que terán o poder de decidir sobre o espazo público, a preservación do patrimonio, ou o dereito á vivenda. Para que ese poder esté nas súas máns, Sandra e PØST arquitectos, cunha chea de alumnos da Escola de Arquitectura, toman a vila e enchen os seus espazos coas propostas creativas que podeades ver nesta publicación.

Esta última edición de “A Vila do Mañá” significa a consolidación do proxecto. Agardamos e desexamos moitas máis, para que toda una nova xeración de galegos teña a oportunidade de entender as súas cidades e vilas como un ben de uso e non de cambio, como o espazo de convivencia necesario para ser (aínda) mellores.

Fernando Agrasar Quiroga  
Director de la Escuela Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña (ETSAC)







## 1 DESCUBRINDO “A VILA DO MAÑÁ”

(Ferrol, 2018)

Nun tempo tivemos medo do monte. Era o monte do lobo, do ogro, da escuridade. Era o lugar onde nos podíamos perder. Cando os avós contábannos contos, o monte era o lugar preferido para ocultarse os inimigos, as trampas, as angustias. [...] Nun tempo, sentímonos seguros entre as casas, na cidade, co vecindario. Este era o sitio onde buscábamos aos compañeiros, onde os atopábamos para xogar xuntos. Alí estaba o noso sitio, o sitio onde nos escondíamos, onde organizábamos a pandilla, onde xogábamos as mamás, onde escondíamos o tesouro... [...] Pero en poucas décadas, todo cambiou. Houbo unha transformación tremenda, rápida, total, como nunca a viu a nosa sociedade (polo menos segundo consta na historia documentada). [...] O monte pasou a ser belo, luminoso, obxecto de soños e de desexos. A cidade, en cambio, converteuse en algo sucio, gris, monstruoso. [...] Nos últimos decenios, e dun xeito totalmente evidente nos últimos cincuenta anos, a cidade, nacida como lugar de encontro e de intercambio, descubriu o valor comercial do espazo e alterou todos os conceptos de equilibrio, benestar e comunidade para seguir soamente programas de beneficios, de intereses. Vendeuse, prostituíuse. [...] A cidade é agora como o monte dos nosos contos.<sup>1</sup>

<sup>01</sup> Tonucci, Francesco. *La ciudad de los niños*. 1997. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

Francesco Tonucci



Como podemos recuperar a identidade da cidade?...como a cidade podería ser de novo lugar de encontro e de intercambio?... como volver sentirnos seguros entre as casas, na cidade, na veciñanza?... como volver facer que a cidade sexa o noso sitio, o noso lugar?... que debemos facer para que a cidade deixe de ser algo sucio, gris, monstruoso?... estas son as cuestións que nos levan a crear o Proxecto de “A VILA DO MAÑÁ”.

“A Vila do Mañá” é un proxecto educativo cuxo obxectivo é que dende a infancia e a través do xogo tómesese conciencia de todas as escalas do común: a arquitectura, o patrimonio, o urbanismo e a paisaxe. Á vez que dende a disciplina arquitectónica tómesese conciencia dunha nova visión da cidade, que é a que nos achegan os que serán os habitantes do mañá.

O reto principal é que a infancia e a adolescencia estean presentes de forma activa nos procesos de construción do espazo común (praza, barrio, cidade...) dotándoos das ferramentas necesarias para desenvolver a súa creatividade, dende a ARTE e a ARQUITECTURA. O fin é provocar neles o espertar dunha nova mirada sobre os espazos nos que desenvolven a súa vida.

Como síntese das nosas ideas podemos afirmar que: entendemos a cidade como taboleiro de xogo, como lugar de encontro e como laboratorio de aprendizaxe para os nenos e nenas que, a través das ferramentas propias da infancia como son o seu propio movemento e o xogo, teñen que descubrir, vivir, coñecer e valorar o seu hábitat para poder actuar nel; defendemos o dereito dos nenos e nenas ás cidades, como parte dunha cidadanía activa; a cal será a que herde e desenvolva a cidade futura; remarcamos a importancia do hábitat no que os nenos e nenas viven na súa relación identitaria con el; e por último consideramos a ARTE e a ARQUITECTURA como ferramentas educativas que nos permiten levar a cabo este proxecto. O proxecto “A Vila do Mañá” pode ser considerado como unha experiencia innovadora de Aprendizaxe e Servizo, desenvolvendo un novo aspecto da profesión de arquitectura, que a crise financeira puxo en cuestión.

“A Vila do Mañá” está a desenvolverse mediante diferentes talleres nos Concellos de Galicia, ata o momento realizouse en Rianxo, Ames (Bertamiráns e Milladoiro), Verín, A Pobra do Caramiñal, Mondoñedo, Riveira, Carballo, Bueu, Vilagarcía de Arousa, Cambados, Arteixo e Ferrol. É realizado polo equipo de PØStarquitectos, financiado polos diferentes Concellos, recibe o apoio da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña ( ETSAC), do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), da Asociación para A Defensa do Patrimonio Galego (APATRIGAL) e conta coa achega de material da empresa GADIS.

Presentamos este libro como unha nova edición na que se analiza como caso práctico os resultados do taller “A Vila do Mañá, Ferrol” realizado do 3 ao 7 de Setembro de 2018.

A vida só pode ser comprendida cara atrás, pero unicamente pode ser vivida cara adiante.

Søren Kierkegaard





## 2 COÑECENDO FERROL

“A Vila do Mañá” parte de tomar a cidade de Ferrol como un taboleiro de xogo, transformando o lugar que habito en algo novo, en algo a descubrir se se mira e percorre con outros ollos.

Nesta edición da “Vila do Mañá” incorporamos a creación dun taboleiro de xogo cos elementos característicos de Ferrol. É un “xogo da oca” orixinal e inédito, conformado por aqueles elementos arquitectónicos, urbanísticos, paisaxísticos, artísticos e culturais que configuran a identidade de Ferrol.






Fig. 01 Cartel “A Vila do Mañá, Ferrol”. Elaboración propia.



1



2




3


Dalle cor a túa cidade...




4





5

















8


























16




17









20








22




23



25









26


27












Dalle cor a túa cidade...



## LENDA

1. Escudo de Ferrol: Sobre fondo azul, represéntase un castelo acompañado de catro bandeiras, as traseiras da cidade de Ferrol e as dianteiras españolas, debaixo aparecen dúas anclas e dous cañóns representando a tradición militar e naval da cidade.
2. Semana Santa: Declarada festa de interese turístico internacional no ano 2014. Durante esta celebración saen a rúa un total de 25 procesións ao longo de toda a semana.
3. Fábrica de lápices Hispania (1933).
4. Palacio municipal: No corazón da cidade, na praza de armas, a día de hoxe atópase a casa consistorial.
5. Edificio da peixería: Edificio de estilo ecléctico (1910), de Rodolfo Ucha Piñeiro. Atópase delimitado polos muros do arsenal de Ferrol. Destaca a súa fachada modernista decorada con motivos xeométricos, portas e vans enreixados e sobresaíntes pilastras.
6. Casa Pereira: Edificio modernista de Rodolfo Ucha Piñeiro (1912), obra singular representativa deste arquitecto que deixou na cidade de Ferrol.
7. Pequeno templo neoclásico dedicado á Nosa Señora do Socorro. Realizado polo arquitecto Pedro Lizardi (1767).
8. Museo de historia natural: Este museo situado nunha antiga instalación militar, formouse gracias ás pequenas coleccións de varios naturalistas.
9. Teatro Jofre: espazo teatral situado na praza de Galicia, no barrio da Magdalena. Fachada realizada no ano 1921 polo arquitecto Rodolfo Ucha Piñeiro. O edificio foi rehabilitado nos anos 2001-2005 polos arquitectos Baltar,

Bartolomé e Almuiña (BBA).

10. Ateneo ferrolán: Orixinalmente destinado a vivenda (1762), é de estilo predominantemente neoclásico. En 1985 foi rehabilitado para albergar a sede social do “Ateneo Ferrolán”.

11. Hotel-Parador: Situado no barrio da Magdalena atópase este antigo parador, unha antiga casona galega, unha mansión señorial con aire mariñeiro que conta con espléndidas panorámicas dos arsenais e da ría.

12. Edificio do goberno militar: Construído a finais do século XVIII como cárcere municipal. No 2005 a Fundación Caixa Galicia reconverteuno nun museo.

13. Baterías do Pieiro: entramado defensivo de tuneles e baterías ao longo da entrada da ría de Ferrol.

14. Casa do Patín: Edificio de vivendas de 1750 rehabilitadas polo Concello de Ferrol para o seu uso como Biblioteca Universitaria.

15. Castelo de San Felipe: Construído na época de Felipe II para a defensa da ría de Ferrol. Xunto cos castelos da Palma e o de San Martín, pechaban a entrada da ría.

16. Igrexa de San Francisco: Igrexa neoclásica construída en 1757, ocupando o lugar do antigo convento de San Francisco levantado por Fernán Pérez de Andrade (século XIV).


17. Praia e clube Copacabana: Famosa praia urbana, desaparecida nos anos 80 polo crecemento do porto Ferrolán. Contaba cunha gran afluencia da poboación que desfrutaba dos seus días de praia sin saír da cidade. Nela atopábase un clube, que foi chiringuito de praia, sala de festas e escola de windsurf e piragüismo.

18. Concatedral de San Xiao: Dedicada ao patrón da cidade, posúe a categoría de concatedral e foi construída a finais do século XVIII, substituindo á primitiva igrexa románica. Está construída cun estrito estilo neoclásico con planta de aspecto cruciforme.

19. Porto de Ferrol: Principal motor económico, tanto militar, como pesqueiro ou estaleiro.



20. Escultura do diapasón: Construída en 1952, constitúe o nexo entre os barrios de Caranza, Esteiro e Ultramar.
21. Igrexa do Carme: De estilo ecléctico, construída en 1923. Cada unha das prazas xemelgas do barrio da Magdalena ten a súa igrexa, a de Dores e a do Carmen, e eses nomes foron os que tiveron inicialmente as prazas, máis tarde rebautizadas.
22. Edificio da autoridade portuaria: Edificio administrativo situado no muelle de Curuxeiras.
23. Edificio de control CCS: Diseñado polo estudio Díaz&Díaz, o edificio está situado no medio do mar, sobre o martillo do dique, aberto ás vistas da ría de Ares.
24. Edificio Ucha: Edificio deseñado por Rodolfo Ucha, exemplo modernista da cidade de Ferrol.
25. Capela das Angustias: construída pola confraría que leva o mesmo nome cara a finais do século XVIII.
26. Peirao de Porto Chico: singular espazo do século XVIII cuxas traseiras dan cara ao mar.
27. Cine Avenida: Situado na rúa Rosalía, acolle o que fóra un dos cines máis famosos da cidade, deseñado polo arquitecto Rafael González Villar.
28. Meninas de Canido: É un movemento artístico reivindicativo que iniciou en 2008 o pintor ferrolán Eduardo Hermida, e que pretende por iniciativa popular revitalizar e protestar contra o estado de abandono no que se atopaba o barrio.
29. Porta do dique do arsenal militar: porta, refuxio da garda e capela, foi deseñada en 1754 por Julián Sánchez Bort. É un dos grandes exemplos de arquitectura ilustrada na comarca da ferrolterra.





### 3 OBXECTIVOS DE “A VILA DO MAÑÁ”

A realidade de hoxe en día é que a conexión natural entre os nenos e o seu hábitat, o lugar onde crecen e desenvólvense, a cidade ou a vila na que viven, está diluída, e apenas existe. Atopamos nenos nas súas casas, vendo a tele, cos seus videoxogos, xogando nas súas urbanizacións valadas e vixiadas, trasladándose en coche e descubrindo a cidade dende a súa xaneliña, onde o parque ou a praza foi substituído polo centro comercial. A cidade é un medio hostil para eles, perderon a súa liberdade, que se ve limitada a certos recintos considerados como seguros e que son controlados polos adultos. Estamos a transmitirles a mensaxe do medo que se respira actualmente na sociedade, e como consecuencia, o lugar onde habitan, a vila ou a cidade, non é seguro para eles.

<sup>02</sup> Aldo van Eyck, “Sobre el diseño del equipamiento lúdico y la disposición de los espacios de juego” (1962) en: *Playgrounds. Reinventar la plaza*, (Madrid: Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía; Siruela, 2014), 121-122.

A oportunidade de que o neno descubra o seu propio movemento forma parte da cidade en si; a cidade tamén é un espazo de xogo. O neno utiliza todos os elementos da cidade, todos os obxectos construídos, todas as superficies polas que pode gatear ou trepar. Os nenos saben xogar moi ben con estas cousas, aínda que non teñan permiso para iso.

Aldo van Eyck <sup>2</sup>

Fronte a esta imaxe do espazo público de hoxe en día, "A Vila do Mañá" parte de entender a cidade como unha ferramenta educadora, non neutra, á que nos aproximamos dende o xogo.

Recuperamos algunhas das ideas propostas polo arquitecto holandés Aldo van Eyck<sup>3</sup> (1918-1999), nas que se outorgaba ao neno a oportunidade de descubrir a cidade dende o seu propio movemento, que ten que ser desenvolvido a través dos seus xogos debido a que é a súa maneira natural de coñecer o mundo. Somos conscientes que, actualmente, isto xera un conflito nas rúas e prazas, o cal desexamos provocar, evidenciar e poñer de manifesto dende os talleres, aínda que sexa de maneira temporal. Que sucede cando os espazos públicos de Ferrol son ocupados por nenos xogando? Que senten os nenos? Como reaccionan os adultos? Como se pode transformar a cidade? Dende ese conflito, queremos transformar a imaxe da cidade que teñen os nenos e adolescentes e, ao mesmo tempo, facelos visibles neses espazos a ollos dos adultos (Fig. 02).

<sup>03</sup> Aldo van Eyck realizou máis de 700 parques de xogos para nenos, deseñados entre 1947 e 1978 en Ámsterdam e arredores, situados no centro e nos suburbios, ocupando prazas, esquinas de rúas, solares baleiros, xardíns públicos e patios. Ademais do seu emprazamento, deseñaba os elementos de xogo como fosas de area, estruturas para escalar e obxectos de formigón e madeira.



Fig. 02 Invasión de cor na rúa Real, taller "A Vila do Mañá", Ferrol, setembro 2018.



O xogo é unha actividade fundamental para o desenvolvemento dos nenos. É un poderoso instrumento de aprendizaxe para actitudes, comportamentos e valores dunha sociedade. Durante a infancia aprendemos xogando e, por iso, os talleres desenvolvéronse a través do xogo como ferramentas fundamentais nestas idades. Buscamos unha aprendizaxe non formal, fóra da escola que é outro recinto controlado, actuando na realidade, no local, abordando situacións espaciais que poden ser coñecidas de antemán e que se redescubren dende unha nova perspectiva. Tamén buscamos a acción a través do movemento do neno, o descubrir o espazo dende a máxima liberdade do xogo.

<sup>04</sup> Lefebvre, H., *El derecho a la ciudad*. [1967] (Barcelona: Península, 1975).

<sup>05</sup> Artigo 12 da Convención sobre os Dereitos do neno. UNICEF. 2006.

<sup>06</sup> “Existe unha importante distinción respecto diso entre espazos e bens públicos, por unha banda, e os comúns por outro. Os espazos e bens públicos urbanos foron sempre obxecto do poder estatal e a administración pública, e tales espazos e bens non constitúen necesariamente un ben común... Aínda que eses espazos e bens públicos contribúen poderosamente ás calidades do ben común a súa apropiación require unha acción política por parte dos cidadáns e o pobo”. David Harvey, *Ciudades rebeldes. Del derecho a la ciudad a la revolución urbana* (Madrid: Akal, 2013), 115.

Outra idea que fundamenta o noso proxecto de “A Vila do Mañá” xorde do dereito á cidade, tal como defendía Henri Lefebvre<sup>4</sup> (1901-1991), polo que as persoas que habitan nela teñen dereito ao seu goce, á súa transformación e a que reflecta a súa maneira de entender a vida en comunidade. Dende este punto de vista, como non incluír o dereito de nenos e nenas á cidade? Por iso, consideramos o espazo público como un espazo común de aprendizaxe e construción colectiva no que a infancia tamén debe ter cabida.

Queremos dar voz aos que normalmente non a teñen, os nenos e os adolescentes, impulsando o seu dereito<sup>5</sup> para formarse un xuízo propio do hábitat no que viven e a poder expresalo e poñelo de manifesto. Buscamos estimular unha actitude crítica para impulsar o seu desenvolvemento como unha cidadanía activa, pois eles serán os responsables da cidade do futuro. Conformer, por tanto, as bases dunha cidadanía crítica.

Queremos traballar nos espazos públicos para transformalos en espazos comúns. Como afirma o xeógrafo e teórico social David Harvey (1935), é necesaria a apropiación dos espazos públicos urbanos por parte da cidadanía mediante unha acción política para convertelos en espazos comúns<sup>6</sup>. As prazas e rúas, a paisaxe cos seus elementos, o mobiliario, os baleiros, ..., son bens comúns que buscamos que os nenos recoñezan como seus dende diferentes puntos de vista: dende a historia, os seus usos, a súa evolución e as súas transformacións.

O noso obxectivo principal é que a infancia e a adolescencia estean presentes de forma activa nos procesos de construción do espazo común, dotándolles das ferramentas necesarias para desenvolver a súa creatividade dende a Arte e a Arquitectura, co fin de provocar neles o espertar dunha nova mirada e xerar vínculos de identidade cos espazos nos que habitan.

Preténdese que adquiran un maior coñecemento da cidade na que viven; unha apropiación de espazos que lles son vetados a diario; o movemento con liberdade nas prazas; empoderamento espacial xunto con outros nenos favorecendo a súa convivencia; valoración do lugar no que habitan a través dunha nova mirada sobre o seu hábitat; facerlles responsables da contorna; coñecer tamén os elementos que conforman o lugar inmaterial (Fig. 03); e, sobre todo, demostrarlles a súa capacidade transformadora.



Fig. 03 Invasión de cor no muro fronte a Peixería, taller "A Vila do Mañá", Ferrol, setembro 2018.




Dous elementos constitúen o lugar do neno, a man e o horizonte. A man como construción de sentido, de recoñecemento, do tacto. Como as primeiras marcas dos homes prehistóricos nas paredes das covas, definindo e recoñecendo un lugar e ao mesmo tempo establecendo un eu fronte a el. A importancia da man como representación do eu do neno e do seu corpo, do seu sentido físico, do seu sentido de lugar. Fronte á man, o distante e afastado, o horizonte, que supón o límite perceptivo do neno, ata onde alcanza a vista, o que marca o comezo do non coñecido.

Dende a man, o máis próximo, ata o horizonte, o afastado, existe un percorrido espacial, unha definición de hábitat, do lugar onde se habita, do próximo ata a paisaxe afastada. O neno toma conciencia do lugar onde vive, das súas dimensións e da súa escala, de como se interrelaciona o próximo e o afastado (Fig. 04).

**Ambiente físico**

**IA IMPORTANCIA DO LUGAR!**

A CIDADE É O ÁMBITO NO QUE UN NENO PODE DESCUBRIR O QUE QUERE FACER O RESTO DA SÚA VIDA



A IMPORTANCIA DA MAN, CONSTITÚE SENTIDO, DEFINE UN LÍMITE DUN ÁMBITO

O SENTIDO DO AQUÍ, do meu corpo e preguntarnos a diferenza de todos os lugares que me rodean, consciente dun mesmo, en paralelo co lugar.

XOGAR COA CAPA MÁIS DISTANTE DO MEU CORPO = O HORIZONTE, sendo o límite de percepción do meu corpo: o infinito, decatarnos de que o lugar é infinito, que é o noso planeta, que é noso, e así, coidalo, como nos coidamos a nós mesmos.

Chegar ao horizonte, e divisar ao fondo un CAMIÑO, UN SENTIDO DO ESPAZO onde residimos.

Percorrido en estancias perceptivas entre o máis próximo e o máis afastado.  
FONDURA, o meu corpo aquí e o meu corpo alá, no horizonte.

HORIZONTE COMPARTIDO E ASÍ ENTENDER O HÁBITAT do territorio, da vila ou da paisaxe.

É A ARQUITECTURA, COMO ELEMENTO ONDE AS IDEAS E AS COUSAS DAN SENTIDO AO HORIZONTE.

Fig. 04 Cadro síntese sobre a importancia do lugar, da man ao horizonte. Elaboración propia.

Con “A Vila do Mañá”, a cidade na que viven non é unha idea abstracta, nin é unha serie de pequenas imaxes parciais; comeza a entenderse como unha contorna moito máis complexa e ampla, que nos aproxima á noción de hábitat: o espazo que transcende a súa localización física nun territorio no que resolvemos as nosas necesidades, establecendo relacións con outras persoas e co medio, tanto natural como construído; implicando procesos nos que se transforma, pero nos que tamén somos transformados. O hábitat implica tamén a memoria e o simbólico da comunidade. En síntese, o hábitat como sistema de relacións e procesos que se xeran entre tres elementos: a natureza, a sociedade e o habitante.

O hábitat dos nenos é onde desenvolven as súas vidas, o que viven e o que coñecen e por tanto é un forte elemento xerador de aprendizaxe. A cidade, a arquitectura que a conforma e a paisaxe, son ambientes de aprendizaxe para o neno, construíndo coñecemento a diferentes escalas.

Introdúcense dúas condicións fundamentais nos talleres: o corpo do neno e o seu movemento como referencia fundamental para o descubrimento do lugar e do contexto; e a experiencia, tanto perceptiva, a sentida no momento, como a que provén do recordo ou da memoria do día a día. Dende eses dous aspectos trabállase no hábitat real, percorrendo a cidade e descubrindo e intervindo nas súas rúas e prazas. O espazo urbano convértese nun enorme taboleiro de xogo en tres dimensións que require nenos inquietos e activos que o exploren, recoñezan e sexan capaces de modificalo.(Fig. 05).

O lugar transfórmase en algo dinámico que xa non só é aprehendido, senón que pode ser modificado por eles mesmos, outorgándolles un papel protagonista que normalmente, na creación de espazos, non se lles dá ou queda reducido a un ámbito de xogo máis controlado, como o patio do colexio ou a área infantil coutada dos parques.



Fig. 05 Invasión de cor na rúa Real, taller “A Vila do Mañá”, Ferrol, setembro 2018.

Queremos que os nenos aprendan a mirar o lugar onde habitan, tendo con eles dúas poderosas ferramentas: a ARTE e a ARQUITECTURA. Son dous elementos que nos serven para aprender o mundo e, o máis importante, tamén para transformalo. Para iso, combínanse ferramentas de diferentes disciplinas pois búscase que os nenos manexen coñecementos de arquitectura, de arte, de paisaxe, de urbanismo e de sustentabilidade. É importante que nos talleres xérese un espazo de liberdade, para que os nenos e adolescentes poidan expresar e representar as súas ideas dun modo plástico, tanto gráfico como tridimensional, aumentando a súa creatividade e a súa capacidade de comunicación. Trátase de que aprendan a manexar ferramentas coas que poidan plasmar as súas ideas e desexos.

## 4 A VILA DO MAÑÁ, FERROL

As actividades realizadas nos talleres estrutúranse a través de seis conceptos fundamentais: a Percepción, a Escala, o Espazo, a Cidade, a Paisaxe e a Sustentabilidade.

**A Percepción:** A percepción do propio corpo, así como a percepción da contorna que nos rodea, son conceptos fundamentais nos talleres.

Para entender como perciben Ferrol os que son e serán os seus habitantes do futuro, saímos á “deriva”<sup>07</sup> cun gran marco dourado, para que no noso deambular vaian enmarcando aqueles elementos urbanos que son importantes para eles. A experiencia inspírase na obra de O’Grady<sup>08</sup>, artista e activista polos dereitos da sociedade afroamericana, que coa súa performance pretende incluír na súa obra espectadores de raza negra, raza que normalmente quedaba fora da arte. Para a performance, O’Grady decide desfilarse no día da cultura afroamericana, deseñando unha carroza cun gran marco dourado sobre ela, a esta acompañanlle 13 actores e actrices de raza latina e negra, vestidos de branco e cun pequeno marco dourado. O obxectivo era que os artistas se enmarcasen a eles mesmos ou aos espectadores, e facer ver aos cidadáns afroamericanos a súa validez para pertencer á arte. Ao fotografar marcos O’Grady fainos cuestionarnos sobre que é o que queda fóra ou dentro da súa obra. Tradicionalmente isto era delimitado polo cadro, marcando unha liña bastante clara. Ela, rompe esa liña, e o que pasa fóra coexiste co interior, utilizándoo como crítica á marxinación dunha sociedade “non enmarcada”. O desfile perde a súa focalización central, o espectáculo está nos laterais, a nena apuntando ao marco “Art Is. . . (girl pointing)”, o policía que guiña un ollo “Art Is...(cop

<sup>07</sup> Teoría proposta por Guy Debord (1958), na que se facía un chamamento ao vagar trazando percorridos psicolóxicos segundo as diferentes experiencias urbanas, na que importaba máis o viaxar que o chegar.

<sup>08</sup> Lorraine O’Grady (1934) é unha artista e crítica con sede en Nova York, que traballa en arte conceptual e arte de performance que integra a instalación de fotos e vídeos.



eyeing young man)”, ou o grupo de amigos que miran a dúas mozas pousando, “Art Is...(woman with man and cop watching)”, son os novos protagonistas.

Cales foron os protagonistas da nosa experiencia?











○ **Espazo:** Buscamos o traballo dende o espazo da arquitectura e da cidade a través da experimentación da luz, a textura, a cor, o son, ...  
○ instrumento é o corpo, que percorre e xoga no espazo con todos os sentidos despregados.

Trabállase o plano horizontal, experimentábase, xógase con el. Cremos que o chan é un elemento fundamental nas nosas cidades, non é o mesmo vivir sobre asfalto que sobre herba, para iso podemos analizar a experiencia vivida na Praza Maior de Madrid, que con motivo do cuarto centenario da súa creación, SPY<sup>9</sup> cobre o centro da praza cun círculo de céspede artificial de 70 metros de diámetro, durante os dous días que dura a intervención, os madrileños redescubren novos usos para a praza centenaria, o espazo cambia e así o fan os usos, sentan, tómbanse, xogan ou descálzanse... (Fig. 06).

09 SPY artista madrileño centrado na apropiación de espazos urbanos mediante a transformación e a réplica.




Fig. 06 Intervención de SPY na Praza Maior de Madrid do 28 de setembro ao 1 de outubro de 2017. Fotografía da autora.



<sup>10</sup> Twister, un xogo de habilidade producido por Hasbro.

Créase un taboleiro de xogo tipo “ Twister”<sup>10</sup>, cos distintos materiais que configuran o chan das nosas vilas e cidades. Que sensacións prodúcese ao pisar os diferentes materiais?... Cales son a súa reaccións a estas sensacións?... Cal é o seu material predilecto?...









**A Cidade:** como o noso hábitat, o noso taboleiro de xogo por descubrir. Comprender a súa estrutura, conformación morfolóxica, os seus baleiros e os seus cheos, a súa historia, as súas tradicións e as súas cuestións simbólicas e inmateriais. Reflexionar sobre como nos movemos duns sitios a outros, os percorridos, os puntos importantes onde se desenvolve a vida do neno e da comunidade.

Queremos que descubran como se conectan as súas casas á cidade, recuperando a idea de Leon Battista Alberti<sup>11</sup> de entender a casa como unha gran cidade e a cidade como unha pequena casa, e que tamén Aldo van Eyck expón na súa diagrama da árbore e a folla (Fig. 07): “Unha árbore é unha folla, unha folla é unha árbore. Unha cidade é unha casa. Unha casa é unha cidade, e a cidade unha casa. Unha árbore é unha árbore, pero tamén unha folla enorme. Unha folla é unha folla, pero tamén unha árbore en miniatura. Unha cidade non é unha cidade a menos que sexa tamén unha casa inmensa. Unha casa é unha casa só se é tamén unha pequena cidade”.

<sup>11</sup> Leon Battista Alberti (Xénova, 18 de Febreiro 1404 – Roma, 25 de Abril 1472) Arquitecto renacentista e un dos humanistas máis prolíficos da súa época, destacan o deseño de Santa María Novella ( Florencia) e por ser un gran teórico do renacemento.




Fig. 07 Aldo van Eyck, diagrama da árbore e a folla, 1962.



O instrumento é o corpo, que percorre e xoga no espazo con todos os sentidos despregados. Manexamos elementos capaces de xerar espazo como a liña debuxada, os fíos de cores que é un elemento plano e as caixas como elemento tridimensional, ademais, explórase a estrutura, o peso, o equilibrio, a estabilidade, a resistencia dos materiais, ... a parte de cuestións estéticas ou de función, buscando solucións que teñan en conta os principios da gravidade e a física.

Os nenos e nenas convértense por uns días en pensadores da cidade, aprópiáanse dos seus espazos, fanos seus. Idean e inventan os seus propios espazos de xogo, modifícanos, vívenos e gozan deles.

O espazo para proxectar é a rúa Real, ao seu paso pola Praza de Armas, o elemento que se lles propón para crear son fíos elásticos de cores.

Eles tecen a rúa, enchendo de cor o asfalto. É o seu novo espazo de xogo, divírtense na “súa rúa”, xeraron unha identidade con ela.

Preténdese que os nenos actúen como vangarda da recuperación do territorio para a cidadanía. Como afirma o xeógrafo e teórico social David Harvey, é necesaria a apropiación dos espazos públicos urbanos por parte da cidadanía mediante una acción política para convertelos en espazos comúns. Son bens comúns, que buscamos que os nenos recoñezan como seus dende diferentes puntos de vista: dende a historia, os seus usos, a súa evolución e as súas transformacións.

Búscase a adquisición dun maior coñecemento da cidade na que viven; una apropiación de espazos que lles son vetados a diario; o movemento con liberdade nas prazas; o empoderamento espacial xunto con outros nenos favorecendo a súa convivencia; valoración do lugar no que viven a través dunha nova mirada sobre o seu hábitat; facerlles responsables da contorna, coñecer tamén os elementos que conforman o lugar inmaterial; e sobre todo, demostrarlles a súa capacidade transformadora.

Cando saímos a rúa, e os nenos invaden o espazo público, o lugar transfórmase en algo dinámico que xa non só é aprehendido, senón que pode ser modificado por eles mesmos, outorgándolles un papel

protagonista que normalmente, na creación de entornos, non se lles da ou queda reducido a un ámbito de xogo máis controlado, como o patio do colexio ou a área infantil acoutada dos parques.

Para esta actividade tómase de referencia a “peatonalización temporal” que xorde ao longo de todo o globo, como na Avda. Paulista<sup>12</sup>, que o goberno no 18 de outubro do 2015 decide peonalizar cada domingo, nun acto simbólico de recuperación da rúa. Durante o día sinalado, os paulistanos son, por fin, donos do seu espazo, do seu territorio e da súa cidade (Fig. 08) . Polo outro lado, na capital española, o goberno municipal veta a entrada a vehículos privados na Gran Vía durante a campaña de Nadal, decídese reducir a gran arteria a dous carrís, permitindo soamente o paso de transportistas e servizo público. A iniciativa convértese nun éxito, aplaudido por cidadáns e comerciantes, polo que, dende o concello decidiuse levar a concurso público a peonalización parcial do espazo da rúa, este é un claro exemplo de como unha acción reivindicativa pode converterse nun plan de futuro de recuperación do lugar para o peón.

<sup>12</sup> Situada nun dos centros financeiros máis importantes do Brasil, en São Paulo, é una das principais vías da cidade, unha rúa afeita ao ruído e ao caos propios da circulación dunha metrópole.



Fig. 08 Avda. Paulista un domingo de outubro de 2017. Fotografía da autora.



















O pedagogo alemán Friedrich Froebel (1782-1852) foi o creador dos Kindergarten para o ensino dos nenos e nenas menores de seis anos. A palabra kindergarten significa “xardín de nenos”, lugares para ser coidados, como pequenas plantas, para que se desenvolvan completamente.

Na Arquitectura temos de referencia a Froebel, a través de Frank Lloyd Wright que foi educado con este método. Trátase dun sistema baseado na creatividade e intuición do neno a través da experiencia directa, o xogo e a natureza. Crea un recurso pedagóxico baseado en “dones” e “ocupacións”. Os “dones” son materiais pedagóxicos que non cambian pero transfórmanse; as ocupacións son actividades na que os nenos xogan mediante a transformación dos obxectos que manipula. Os “dones” son precursores dos bloques de construción da actualidade (Lego, Tente, ...).

Moitos foron os investigadores que establecen as relacións entre a maneira de facer arquitectura de Wright co proceso de aprendizaxe a través dos “dones” de Froebel<sup>13</sup> (Fig. 09).



<sup>13</sup> Jeanne S. Rubin, “The Froebel-Wright Kindergarten Connection: A New Perspective”, *Journal of the Society of Architectural Historians*, 48, 1 (1989): 24-37, doi: 10.2307/990404. Jeanne S. Rubin, *Intimate Triangle: Architecture of Crystals, Frank Lloyd Wright and the Froebel Kindergarten* (Huntsville: Polycrystal Book Service, 2002). Wally Rogers, *Close-Up View of Froebel's Kindergarten with Frank Lloyd Wright at the Drawing Table* (Bloomington: Xlibris, 2016). Donald Leslie Johnson, *Frank Lloyd Wright: The Early Years. Progressivism: Aesthetics: Cities* (New York : Routledge, 2017).

Fig. 09 Terceiro “don” de Froebel, foto tomada no Unity Amorne realizado por Frank Lloid Wright en Oak Park, Chicago (1908). Fotografía de Emma López Bahut.

Usaremos as caixas de Gadis (Fig. 10) a modo de terceiro “don” de Froebel, un “don” a unha escala moito maior, un “don” co que se propón apropiarnos dalgún espazo de Ferrol.

Decidiron invadir o Cantón de Molíns, facelo noso, por unhas horas o Cantón é o noso espazo, un gran espazo de xogo e construción que dá cabida a todo aquilo que pase pola nosa imaxinación.

O Cantón convértese nun gran forte, en pequenas cabanas, nun valado... e nun gran circuío de carreiras.



Fig. 10 Construción con caixas de Gadis a modo de terceiro “don” de Froebel, taller “A Vila do Mañá”, Ferrol, setembro 2018.













**A Paisaxe:** Interacción entre a paisaxe construída e a paisaxe máis natural e os territorios intermedios. Entender como as persoas construímos a paisaxe e como a paisaxe tamén nos constrúe.

**A Sustentabilidade:** Queremos reflexionar sobre a forma na que nos relacionamos co planeta. Facer aos nenos conscientes de que o sustentable consiste nun equilibrio entre aquilo que nos permite desenvolver a nosa vida e o que non compromete a supervivencia das futuras xeracións. Así, darnos conta de que só temos un planeta con recursos limitados, e que é imposible manter o noso ritmo de consumo actual.

Propónse a concienciación sobre a inclusión do verde na cidade mediante a creación e a plantación de bombas de sementes, desenvoltas polo naturalista nipón Masanobu Fukuoka<sup>14</sup>.

Para a realización da actividade, propónselles aos nenos a creación destas bombas, que se compoñen dunha parte de arxila, abono natural, e unha mestura de sementes complementarias, neste caso utilizouse a chamada mestura azteca (xudías, millo, cabaza, ...).

Temos a planta, pero fáltanos a leira, os nenos escollen ese espazo, neste caso escolleuse un muro próximo a Peixería (traballando así co plano vertical), sobre o cal, os nenos colgan as súas bombas en sobres de cores, escollendo a nova aparencia que terá o lenzo. Co tempo o colorido mural outorgado polos sobres de cores xeotextís, irase complementando paulatianamente polo verde das prantas nadas das bombas.

Eles crearon o seu xardín vertical e convértense en observadores e coiadores da súa obra.

<sup>14</sup> Masanobu Fukuoka estudioso da agricultura natural, que dedicou a súa vida para desenvolver un sistema ecolóxico que se basea en 5 principios: Non arar; Non eliminar malas herbas; Non podar; Sementar mediante bombas de sementes (Nendo Dango).


























Para seguir traballando co plano vertical, e xa que estamos en Ferrol, propoñemos actuar sobre o Muro do Arsenal.

Enténdese o Muro do Arsenal como unha gran barreira, unha fronteira que separa dúas cidades, expóñelles esta problemática aos nenos mediante un xogo, Que pensades que hai “o outro lado do muro”? (Fig. 11)

Tras analizar os debuxos e tras unha serie de tolas ideas do que hai tras o muro, móstrasen unha realidade coa que conviven todos os habitantes de Ferrol, o descoñecemento dunha gran parte da súa cidade.











Fig. 11 Debuxos "o outro lado do muro", taller "A Vila do Mañá", Ferrol, setembro 2018.















**A Escala:** Introducimos o concepto de escala humana e o de escala de cidade. Partindo de tomar conciencia das súas propias dimensións corporais, o neno pode aproximarse a outras dimensións como a da cidade e a do territorio. É un percorrido perceptivo que situamos entre a man, que representa o próximo ao seu corpo, e o horizonte, o afastado que alcanza a vista.

Tras a experiencia de “o outro lado do Muro” pensamos que o lugar idóneo para traballar coa escala era o Muro do Arsenal.

Propoñiamos realizar unha intervención efémera para humanizar a cara exterior do muro. Utilizaríase o muro coma se fose un gran lenzo sobre o que se plasmarían as siluetas dos nenos, usando unicamente a auga como pincel. Esta intervención baséase nas experiencias de Yves Klein<sup>15</sup>, que nas súas obras monocromas, resaltaba a silueta de mulleres espaldas coa súa famosa cor azul, as mulleres eran os pinceis, dando lugar a interesantes estudos da escala e da forma humana (Fig. 12).

Pódese realizar un cadro sen liñas, sen contorno, sen formas, sen personaxes? Esta cuestión foi a que motivou a este tipo de accións artísticas e a que nos leva a realizar esta acción cos nenos deixando unha pegada de siluetas no Muro do Arsenal, unha acción inversa, na que a figura humana é o vacío, sendo o cheo o material, no noso caso a auga.

<sup>15</sup> Yves Klein (28 de abril de 1928 - 6 de xuño de 1962) artista francés considerado como unha importante figura dentro do movemento dadaísta.




Fig. 12 Yves Klein, Anthropometrie 85, 1960

O efecto sería transitorio, poderíanse ver as siluetas dos nenos no muro mentres este estivese húmido, recuperando o seu aspecto orixinal en canto secase.

Pero ás veces as cousas non saen como pensamos, e o Muro está en sombra continua e recuberto dunha pintura plástica, polo que tivemos que mudar a experiencia ao muro que pecha a praza Eduardo Pondal perdendo así a simboloxía de humanizar o Muro do Arsenal.











# TALLER: A VILA DO MAÑÁ, FERROL

## Organización

Concello de FERROL

## Dirección

Sandra González Álvarez

## Equipo

PØST Arquitectos:

Sandra González Álvarez

Iván Díaz García

Alejandro Sotelo Soto

Maite Fraga Lamas

Alejandro Iglesias Rey

Irene Díaz Calvo

Alejandro Lastra Salazar

## Colaboradores

Apatrigal (Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural Galego)

COAG (Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia)

ETSAC (Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña)

GADIS

## Participantes

100 nenos e nenas de idades entre os 3 e os 12 anos







## 5 A RÚA É TUA

Eu enfronto a cidade co meu corpo; as miñas pernas miden a lonxitude dos soportais e a anchura da praza; a miña mirada proxecta inconscientemente o meu corpo sobre a fachada da catedral, onde deambula polas molduras e os contornos, sentindo o tamaño dos entrantes e saíntes... Síntome na cidade e a cidade existe a través da miña experiencia encarnada. A cidade e o meu corpo complementáanse e defínense un ao outro. Habito na cidade e a cidade habita en min.

Juhani Pallasmaa<sup>16</sup>.

Parafraseando ao arquitecto finés Pallasmaa, “habitar FERROL e que FERROL habite en min”, é unha idea que tentamos transmitir aos nenos e nenas dos talleres a través das diferentes actividades e accións. Dende o eu, dende o ser/estar no mundo, dende o corpo, recoñecer o hábitat que nos rodea con todos os nosos sentidos, comprendelo, facelo noso; co obxectivo final de saber que se pode modificar, para ben ou para mal. Entender que a rúa é nosa, que a cidade é nosa, para iso, o noso instrumento foi o xogo, o modo natural no que os nenos aprenden e exprésanse. A cidade como o seu gran taboleiro de xogo que descubren dende a acción e dende os seus propios movementos.

<sup>16</sup> Juhani Pallasmaa, *Los ojos de la piel. La arquitectura y los sentidos* [1986] (Barcelona: Gustavo Gili, 2014), 41-42.

Estamos nun momento de oportunidade para redefinir ou, polo menos, tentar repensar as ideas e ferramentas que empregamos para abordar o futuro das nosas vilas e cidades.

Os últimos anos de urbanismo desbocado, e posterior freado en seco, conseguiron mostrar claramente como as pautas que viñamos aceptando e poñendo en práctica, non só non serven para crear espazos para a vida, a convivencia e o desenvolvemento das persoas nun marco de sustentabilidade, senón que nin sequera son útiles á hora de organizar adecuadamente o negocio inmobiliario, no que se centran a maior parte das súas ferramentas e protocolos.

Os espazos da cidade fóronse especializando, privatizando e mercantilizando, poñéndose ao servizo do coche. O coche converteuse no elemento fundamental das nosas cidades, desprazounos, deixou ás persoas nun segundo plano. Unha das consecuencias actuais é que os nenos foron desprazados da cidade. Raro é hoxe ver a nenos xogando na rúa ou nas prazas, como non sexa en recintos perfectamente delimitados para iso, dentro das diferentes normativas urbanas, técnicas e de seguridade. É impensable recuperar a imaxe dos nenos xogando nas rúas e nas prazas das vilas, tal como nos mostraban as postais antigas de Ferrol (Fig. 13).



Fig. 13 El Ferrol 19 Cantón de Molins. Postal antiga de Ferrol.

Apostamos pola participación infantil e xuvenil na construción da cidade, na súa definición, mesmo nos procesos de planificación. Se queremos que nun futuro poidan desenvolverse procesos participativos reais, lonxe do mero “participacionismo” de responder unha determinada pregunta, para iso necesitamos iniciar procesos educativos dende a infancia, dándolles as ferramentas necesarias para que poidan consolidarse como unha cidadanía activa nun futuro.

A participación non é algo pasaxeiro, puntual ou circunstancial, ten que ser parte do proceso educativo dos nenos e adolescentes, tanto dentro da educación regrada como na non formal.

Por iso resulta fundamental traballar con institucións públicas como o Concello de Ferrol e ter o apoio da ETSAC (Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña), Apatrigal (Asociación para a defensa do Patrimonio Cultural Galego) e o COAG (Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia) entidades dende as que se aposta polos nenos e adolescentes, cunha visión a longo prazo que non é fácil de manter nestes tempos.

Xunto a gran labor que está a desenrolar o Concello, plantamos en FERROL unha pequena semente, pero aínda queda un longo camiño por recorrer para poder afirmar que A RÚA É NOSA.





## SANDRA GONZÁLEZ ÁLVAREZ

(Carballiño), Arquitecta pola Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña. Máster en Rehabilitación Arquitectónica pola ETSAC. Actualmente doutorando no Programa Oficial de Doctoramento en Arquitectura e Urbanismo da Universidade da Coruña e na Universidade Presbiteriana Mackenzie en São Paulo, Bolsa Iberoamericana de Investigación 2017-2018.

Os seus proxectos: “A CIDADE DO MAÑÁ/ A VILA DO MAÑÁ”, FAB LAB na Coruña xunto con ARTEIXOworks formaron parte dos contido expositivos do Pavillón Español na Bienal de Venecia 2018 (16. Mostra Internazionale dei Architettura)

Premiada en concursos de ámbito nacional e internacional, Mención de honra á categoría METODOLOXÍAS no concurso “Proxectos educativos” Ludantia. I Bienal Internacional de Educación en Arquitectura para a Infancia e Mocidade co proxecto A VILA DO MAÑÁ. Premio COAG XVII na categoría Proxecto Fin de Carreira co FAB LAB na Coruña. Mención de honra en International Shopping Plaza Concept Design Competition Commerce changes cities Architecture and Culture Society of China, Wanda Commercial Planning & Research Institute, Urban BEnvironment Design (UED) Magazine Press. Honorable mención en 24 H 5 th edition. Aspace inspace. IdeasForward. 1ºPremio no concurso de ideas DISTRITO ACTIVO, Arquitectos Sen Fronteiras Galicia e COAG. 1ºPremio PREMIO AGP de Arquitectura, Asociación Galega de Pizarristas. 1ºPremio INRS (Institut National de Recherche et Sécurité) Programa Internacional IACOBUS Rehabilitación do Patrimonio Europeo, entre outros.

Realizou relatorios e comunicacións en diferentes congresos e seminarios. “A VILA DO MAÑÁ” estivo presente na 9 TH CHILD IN THE CITY WORLD CONFERENCE, Vienna (Austria). I XORNADAS DE DIDÁCTICA DAS ARTES NA GALICIA DE HOXE: CREAR PARA ENSINAR, A Coruña, organizado por Real Academia Galega de Belas Artes, Conservatorio Superior de Música da Coruña, Conservatorio Superior de Música de Vigo, UDC, USC e UVigo. inquEDU. Falemos de Educación, Santiago de Compostela, organizado por XUNTA DE GALICIA, Fundación Cidade da Cultura e Galicia sustentable. LUDANTIA I Bienal Internacional de educación en arquitectura para a infancia e a mocidade, Pontevedra, organizado por Concello de Pontevedra, COAG, Deputación de Pontevedra e Xunta de Galicia. Seminario Internacional A DIMENSÃO SOCIAL DÁ FORMAÇÃO PROFISSIONAL, São Paulo (Brasil), organizado por SASP (Sindicato dos Arquitetos no Estado de São Paulo), FIAM-FAAM Centro Universitario. II Xornadas de Innovación Docente. Universidade da Coruña, Coruña, organizado UDC e CUFIE (Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa).IV FORO DE REHABILITACIÓN, Rianxo, organizado polo Concello de Rianxo.

